

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36024203	IES Faro das Lúas	Vilanova de Arousa	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	4º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	7
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	8
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
6. Medidas de atención á diversidade	9
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	10
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	10
9. Outros apartados	11

1. Introducción

A oferta educativa do IES Faro das Lúas vai dende 1º da ESO ata 4º da ESO.

O centro acolle no presente ano académico un alumnado total de 170 na etapa da ESO que se distribúen en 9 unidades da seguinte maneira:

- 1º ESO: 52 en total - 16 no grupo A, 17 no grupo B e 19 no grupo C.
- 2º ESO: 46 en total - 23 no grupo A e 23 no grupo B.
- 3º ESO: 30 en total - 14 no grupo A e 16 no grupo B.
- 4º ESO: 42 en total - 19 no grupo A e 23 no grupo B.

Este alumnado procede do ámbito rural e a maior parte deles acceden ao Centro no transporte escolar, dato a ter en conta á hora de realizar actividades extraescolares e complementarias. As aldeas das parroquias das que procede o alumnado (Caleiro, San Miguel de Deiro, Tremoedo, András e Baión) teñen un número de habitantes moi reducido e aínda que o maior contacto entre o alumnado desenvólvese no ámbito escolar, existen reunións nas Casas de Cultura dalgúns destas aldeas. En xeral, o alumnado provén dun entorno socio-económico baixo con escasa valoración do estudo. Os resultados nas avaliacións externas son baixos, sobre todo na competencia en comunicación lingüística. De feito, unha alta porcentaxe do alumnado presentan necesidades específicas de atención educativa e realízanse un número considerable de reforzos. A comunicación coas familias é boa a nivel individual pero as nais e pais non participan de forma activa na comunidade educativa. Dende o centro tratamos de participar en plans e proxectos de mellora: Abalar, Plambe, Edixgal, Contratos-Programa, Equipo de Dinamización Lingüística (EDL), fomento das novas tecnoloxías, Programa Polos Creativos... A biblioteca é un pilar fundamental na dinamización do centro. O equipo que a coordina realiza múltiples actividades ao longo do curso fomentando a participación de toda a comunidade educativa.

Consideramos fundamental a resolución pacífica de conflitos polo que o centro optou pola implantación de diferentes medidas que contribúen de forma notable neste sentido e na mellora da convivencia: programa de Tutoría entre iguais no que participa o alumnado de 3º e 1º de ESO, o programa PAM (Programa de Axuda Mutua, entre alumnado de 1º da ESO), unha Aula de Reflexión, un servizo de Mediación Escolar, Equipo de Convivencia Escolar e o Proxecto Índice de Paz de Aula.

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 3º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

O Proxecto Competencial impartirase en dous grupos de 4º da ESO:

- 4ºA: 8 alumnos/as
 - 4ºB: 6 alumnos/as
- Total de alumnado 14

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverán a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Por este motivo, o alumnado será quen elixa a temática, elaboración e execución dos proxectos desta materia, tendo en conta diferentes propostas xerais realizadas polo profesor. Dentro do posible, o resultado final deberá ser un produto con difusión social na contorna do alumnado (escola, concello...).

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Elección dos proxectos	Cada grupo fará a escolla dunha temática centrada nos seus intereses que aborde a resolución dun problema ou mellora dunha situación determinada. Realizarán unha busca de información e abordarán a planificación correspondente.	30	12	X		
2	Profundización e execución dos proxectos	Nesta fase o alumnado que elabora o proxecto deberá: - Elexir os aspectos importantes e profundizar neles. - Establecer comparativas e relacións con outros proxectos similares. - Avaliar posibles incidencias e prever solucións. - Execución do proxecto.	40	13		X	X
3	Finalización e difusión dos proxectos	Neste último trimestre, o alumnado deberá: - Finalizar proxecto (no caso de non ter rematado na fase anterior) - Preparar a exposición final do traballo. - Valorar posibles alternativas de difusión social.	30	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Elección dos proxectos	12

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da temática escollida.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	Profundización e execución dos proxectos	13

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Finalización e difusión dos proxectos	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentación do proxecto.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, determinarase o tema sobre o que os distintos grupos queren investigar. Os temas deberán cumprir uns parámetros xerais:

- Xustificación da temática escollida.
- Busca de información ampla e diversa sobre a o tema.
- Concretar os recursos e materiais precisos para a execución do proxecto.
- Prever posibles incidencias.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, os distintos grupos cooperativos terán en conta:

- Recollida de datos e análise da información recompilada, establecendo comparativas, a ser posible, con proxectos similares.
- Execución dos proxectos.
- Aplicación dos coñecementos e competencias.
- Emprego dos recursos e materias previstos.
- Resolución das posibles incidencias.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado:

- Rematará a execución do proxecto no caso de non ter rematado na avaliación anterior.
- Presentará por grupos o seu produto final.

Terán liberdade no formato de presentación e dos medios, dándolle a máxima difusión: no programa Radio do centro educativo, exposicións nos taboleiros e corredores do centro, concello, asociacións culturais....

Poderán elaborar unha revista, unha reportaxe gravada, unha exposición nos corredores...

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Xeografía e Historia (espazos e lugares da contorna, momentos históricos...)
- Matemáticas (estatísticas sobre poboacións, tempos...)
- Economía (comparativas nos prezos)
- Tecnoloxía e Dixitalización (buscas de información en rede, presentación dixital do proxecto)
- Educación Plástica, Visual e Audiovisual (deseño do formato de presentación do proxecto)

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Plataforma de ensino virtual, preferentemente, a aula virtual do centro. EDIXGAL.
Aula de informática do centro.
Páxinas web informativas.
Materiais fuxíbeis variados.
Fondos bibliográficos da biblioteca escolar.

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, distribuindo os pupitres de maneira máis conveniente para a execución das tarefas e proxectos, tantos persoais coma grupais.

Facilitarase o uso das ferramentas tecnolóxicas para a busca de información.

Dependendo das necesidades do proxecto porase a disposición do alumnado calquera ferramenta e material que precisen e que conste no inventario do centro: ferramenta variada (trade eléctrico, caladora, desparafusadores, martelos, alicates...), tabletas gráficas, cámaras dixitais, trípodes...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	40	30	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Os procedementos de avaliación serán:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación de dossier informativo coa recompilación da información solicitada.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Entrega do dossier de proxecto e valoración do traballo realizado nas sesións.
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Presentación e exposición do proxecto.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais....

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar un traballo individual, que versará sobre un tema vinculado ao do proxecto do grupo.

A nota de dita traballo representará a nota da avaliación parcial correspondente.

De igual xeito, no caso de que unha alumna/o teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita final, con preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X		
ET.2 - Expresión Oral e Escrita		X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual		X	X
ET.4 - Competencia Dixital		X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Entrevista nun medio de comunicación local	Difusión informativa do proxecto.			X
Exposición en locais socioculturais	Exposición e explicación do proxecto á veciñanza.		X	X
Intervención en espazos comúns do centro educativo.	Modificación e mellora do patio escolar.		X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Metodoloxía empregada
Participación activa de todo o alumnado.
Adecuación á temporalización das unidades didácticas.
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas.
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación.
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.
Medidas de atención á diversidade
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado.
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado.

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

9. Outros apartados